

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 4 DE AGOSTO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/1448/2005 e Lap/206/2004.- Retevisión, S. A.- Legalización e licenza de apertura de centro emisor de televisión ou radio no Monte Pedroso.

Lic/944/2008.- Florentino Martínez Nieto.- Legalización parcial e adecuación e ampliación de edificio existente na rúa do Avío nº 35.

PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS.-

Lic/2395/2008.- Emprosal 16, S. A.- Parcelación urbanística da parcela sita no lugar de Vilastrexe – Vilastro. (+)

Lic/1056/2009.- Andrea A. Vieites Guzzi.- Parcelación urbanística da parcela sita no lugar de Corexo, parroquia de Eixo –Marrozos. (+)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

382/2009.- Avieira Gestión y Dirección de Obras, S. L.- Expte. Lic/1899/2006 3.000 €-

2100/2008.- Grupo Construnor Estructuras.- Expte. Lic/1802/2001..... 33.145,75 €-

1402/2009.- Nieves Couto Castro.- Expte. Lic/545/1997 210.000 pts (1.262,12 €)

APERTURAS.-

Lap/155/2008.- Agmina Multimedia, S. L.- Apertura de nave industrial de almacenaxe e venta de aparatos electrónicos, oficinas e garaxes no Polígono de Boisaca Parcela B42-B43. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente e Xustiza.

OCIHR

LICENZAS.-

FAVORABLES

LIC/836/2009 - AMADOR DAFONTE COSTA.- Substitución de cuberta no inmovible sito na Rúa de Sar nº25.

6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Concédense axudas para 24 vivendas, por un importe total de 148.092,49 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva da modificación do proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 4 (SUNP-4). Camiño Francés.

Apróbase definitivamente a devandita modificación, promovida pola Xunta de Compensación do polígono, coa incorporación da proposta nº 19 presentada con data 24 de outubro de 2008.

8.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico e Rehabilitación relativa á aprobación inicial da revisión e adaptación do plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8).

Apróbase inicialmente as devanditas revisión e adaptación, segundo o proxecto presentado pola Universidade de Santiago con data 20 de maio de 2009.

9.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación da proposta de convenio para a obtención

de terreos sobre os que se construíra o Centro de Ciencias do Patrimonio Cultural do CSIC no ámbito da EU-10 (Brañas do Sar, PE-3R).

Apróbase a proposta e autorízase a sinatura do devandito convenio.

10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á autorización formulada por SANTIAGO SUR SL, para vender a parcela M4-B2 do SUP-6 de Santa Marta.

Autorízase a SANTIAGO SUR SL, á venda da devandita parcela.

11.- Adxudicación definitiva do servizo de elaboración do levantamento topográfico da xeometría actual da Praza de Galicia e do aparcadoiro soterrado e informe pericial da capacidade portante da estrutura deste.

Elévase a definitiva a devandita adxudicación.

12.- Adxudicación do subministro de camisetas, pantalóns e calcetíns para o persoal do servizo de Extinción de incendios.

Adxudícase o devandito subministro á empresa SASATEX ESPAÑOLA S.A., por importe de 11.172 euros máis IVE.

13.- Adxudicación do subministro de botas de intervención para o persoal do servizo de Extinción de incendios.

Adxudícase o devandito subministro á empresa DRAGER SAFETY HISPANIA S.A., por importe de 15.411,08 euros máis IVE.

14.- Adxudicación provisional do subministro e posta en funcionamento da nova versión do portal web do Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa VIEIROS INFORMACIÓN EN REDE, S.L., por importe de 32.258,62 euros máis IVE.

15.- Subministro de uniformidade para a Policía Local.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente de contratación do devandito subministro, cun tipo de licitación en función dos seguintes lotes:

LOTE I: Prendas de confección a medida: 57.958,62 euros máis IVE.

LOTE II: Accesorios: 16.992,14 euros máis IVE.

LOTE III: Calzado: 6.992,25 euros máis IVE.

LOTE IV: Anoraks azuis: 44.663,79 euros máis IVE.

16.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do orzamento e actividades da Escola Municipal de Verán.

Apróbase a proposta de actividades para a Escola Municipal de Verán, na súa edición de setembro, e un orzamento para a mesma de 13.917,60 euros.

17.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á contratación do acondicionamento dos terreos públicos (Carballeira) no lugar de Nemenzo.

Apróbase o proxecto redactado polo Departamento de Parques e Xardíns e adxudícase o devandito acondicionamento á empresa CESPAS, S.A., por importe de 26.249,14 euros máis IVE.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á adquisición de materiais de carpintería de madeira para o CERSIA.

Apróbase a adquisición de materiais á empresa Carpintería Armando S.L., por un importe de 22.202,45 euros.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á elaboración dunha plataforma "on-line" de administración electrónica para a devandita concellería.

Apróbase a realización da actividade, cu custo de 14.500 euros.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes dando conta da concesión dunha subvención ao Concello polo Instituto Enerxético de Galicia.

Dáse conta da renuncia a unha subvención por ter sido esta case un 50% inferior á solicitada e pospoñerse a realización da obra prevista, unha instalación solar térmica para produción de auga quente sanitaria no pavillón de Santa Isabel.

21.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e o Consorcio da cidade de Santiago de Compostela relativo a un programa de actuacións en monumentos.

Dáse conta do devandito convenio.